



Xosé Antón Miguélez e Pilar Fernández (Eds.), Cousas de Veneranda

Colección Angueira II, Asociación Irimia, Santiago 2001, 167 páxs.

A Asociación Irimia ofrécenos neste segundo volume da súa colección Angueira, na segunda xeira, un libro atípico. Un libro sobre unha muller que nin era unha escritora egrexia, nin lle deron endexamais ningún premio, nin tivo cargo ningún, nin... sequera era unha persoa normal. Era máis ben unha muller analfabeta, pobre ata verse pedindo polas portas, e mesmo diminuída psíquica, con serias deficiencias de linguaxe, e cunha vida con circunstancias familiares moi penosas... Pero a esta muller, “a dedicación e o amor dunha filla súa rescatouna da sombra e mostrouna chea de gracia”, tal como se recoñece no libro. A súa filla Pili, unha valiosa muller de carácter, animosa e independente a pesar da súa deficiencia física que a obrigaba a andar encrequenada, fixo que esta muller se vira, sobre todo nos últimos anos, rodeada de amigos; amigos sinceros que estaban ao seu carón non por compaixón, senón porque alí atoparon algo que non atopaban noutros lugares.

Nas páxinas deste libro fálase da vida, das cousas e sobre todo do impacto que Veneranda deixou entre algúns amigos. “Sorprendentemente, alí onde parecía que só podía haber compaixón (pobre Veneranda!) naceu verdadeiro amor de reciprocidade e Veneranda foise

convertendo para moitas persoas nunha fonte de curación, alegría e dinamismo (gracias Veneranda!)”, lemos no libro. Máis aínda, a intención e o interese expreso dos promotores deste libro van moito máis aló da pura loanza a unha persoa: “O máis fermoso da experiencia colectiva e persoalísima que moitos vivimos con Veneranda é o convencemento ledo de que aínda sendo unha vivencia única e irrepetible, non é algo que se esgote nela... Hai millóns de Venerandas que poderían ter o seu propio libro. Por iso queren conducir “a ollar cara a outras vidas que nunca se destacan, que parecen pasar pola vida sen valor nin peso... pero agrandan as perspectivas do noso vivir, non pola acumulación de grandezas e consumos, senón pola luz máis cálida e confiada coa que somos invitados a mirar á realidade ao noso redor.

E velaí o valor deste libro fondamente testemuñal, pero que vai máis aló da anécdota, ata o punto de converterse no que a moderna reflexión teolóxica chama teoloxía narrativa. Na aparente pouca cousa de Veneranda manifestouse o amor tolo de Deus. Por iso a súa vida é sacramental, é símbolo eficaz dese amor regalado de Deus. Ademais, a historia de Veneranda manifesta que toda vida é valiosa, porque “a febleza

que parece inútil, tanto cura e tanto enriquece humanamente”. A sinxeleza de Veneranda, a súa vida pobre e marxinal, é un dos mellores puntos de vista para que a boa noticia do tesouro agachado en toda vida chegue a moitos outros marxinais, a moita xente sen importancia ós ollos do mundo: a maioría da xente.

O libro sobre Veneranda é un libro comunitario; aí está o feixe de mulleres e homes que firman os testemuños, vivencias e reflexións que enchen o libro. Detrás del hai comunidade, igrexa, seguidores de Xesús Cristo, un xudeu marxinal que manifestou coma ninguén o amor de Deus na historia. Un libro comunitario, pero no que salientan dúas mulleres e un home: a súa “filla-titora” Pili Fernández, que soubo arrexuntar comunidade arredor da súa nai; Tereixa Ledo, a

quen a fascinación polo que Veneranda representou para ela acompañou alén do mar, na súa estancia cos pobres de Guatemala, e que foi quen tivo a iniciativa do libro; e Xosé Antón Miguélez, un dos curas que compartiu a súa vida en Abadín, un teólogo que soubo sacar as consecuencias desta vida arroupada e pasalas pola peneira do Evanxeo para que saíran purificadas e vizosas, el é o autor dos ricos textos da Introducción e o Epílogo. Salientan outros dous nomes máis: Manolo Regal (autor da Biografía) e Izaskun González (monxa de Abadín que soubo recoller as “Cousas de Veneranda” entre a memoria persoal e a conversa con Pili).

Un libro sinxelo, pero profundamente valioso.

**Victorino Pérez Prieto
Chao Rego, Xosé**

O relato hebraico. A Biblia contada dende a lareira.

TresCtres Editores. Santa Comba. A Coruña 2001.

Contada dende a lareira / imos face-la lectura / da Biblia moi outramente / a como a explica o cura.

E chegamos como amigos / a celebra-la memoria / do pobo que fixo o libro / máis importante da historia. O tal libro évo-la Biblia / que conta

de xeito fiel / as grandezas e miserias / do seu pobo, Israel.

Galegos, débeda temos / coa nosa galegitude / e a historia de Israel / desafia a identidade.

Por iso *O relato hebraico* / remoelo na lareira / procede para sabermos / como a nós nos vai na feira.

Estas coplas, en son de cantar de cego, son as primeiras e últimas estrofas dun grande repertorio co que Mini e Mero, de A Quenlla, facían unha singular e orixinal presentación deste libro en Santiago de Compostela neste pasado Nadal. Unha resposta agradecida, pois o autor dedícallo a eles e a todo o grupo.

«Se ben é certo que a Sagrada Escritura “A Biblia” pode lela calquera, é probable que lle tire pouco proveito se non ten unha guía que o conduza. E tal é a miña pretensión: facermos unha lectura bíblica que facilite os datos suficientes para unha mellor comprensión no só do texto sagrado, senón tamén do contexto cultural, político, social, relixioso no que o relato hebreo naceu e foi medrando. Non se «pode» lela sen unha preparación básica que sitúe o lector no contexto do tempo para que poida ir entendendo».

Así comeza o autor o prólogo deste interesante libro. Poderíamos con isto, sen trabucar o lector interesado, deixar xa suficientemente introducido o tema e mesmo o libro.

Segue unha preciosa explicación para xustifica-lo título da obra: «Falo de relato hebreo por dous motivos: a) Non é unha doutrina, senón unha historia, na que priva o elemento narrativo. b) Utilizo o termo hebraico porque me parece o máis amplo». «Malia as explicacións técnicas que vaian sendo necesarias, o meu decidido propósito é o de narrar un relato. Non podo oculta-la complexidade do labor e a dificultade da miña angueira».

O estudio abrangue o que coñecemos comunmente como Antigo Testamento e que hoxe os especialistas reservan máis ben para referírense ás citas bibliográficas, por viren así de vello e para non levar a confusión.

«A Biblia hebrea, chámase Tenak por lle fuxir á denominación de Antigo Testamento, expresión pouco ecuménica e nada respectuosa co mundo xudeu actual, que non admite que haxa un antigo testamento caducado, en contraste co novo, que sería o Testamento cristián».

A vida é feminina, dinámica e dinamizadora: Chao tamén é ese autor fecundo dende a proxección constante na defensa dos enfoques dende a feminidade: «Un defecto da Biblia é que foi escrita por homes, cunha concepción pouco feminista. Hai que procurar un tipo de linguaxe inclusiva, posto que os idiomas funcionan cunha base de presupostos masculinos. A pregunta debe ser: ¿Que significa interpreta-la Escritura como feminista, e que constitúe unha lectura en feminista?»

«A Biblia contada dende a lareira». O subtítulo ten o seu aquel. Como tal e de por si, xa provoca curiosidade e mesmo «engancha». «Se resulta tan complexo este asunto, ¿como é que lle poñemos este subtítulo? Ese espacio doméstico da casa galega viña sendo o lugar do relato e da primeira formación para a entrada na sociedade. Eu quero conta-la Biblia con sinxeleza, mesmo coa quentura do lume caseño, pero

advirto que detrás desta narración, en aparencia simple, agáchanse horas de estudio de moita xente».

Non é un libro deses denominados restrictivamente «de laboratorio». Naceu ó abeiro de moitos anos de traballo pastoral. O lector pode facilmente intuír que detrás está mesmo toda a vida do autor, dada a continua e constante erudición, a observación da vida e da realidade, a reflexión asentada neses presupostos, a formulación altamente elaborada, etc., coas que nos agasalla.

Como testemuña privilexiada desta longa camiñada, podo afirmar que a este libro pasoulle un pouco o que á Biblia: primeiro foi experiencia viva e vivida, logo relato longamente sedimentado nun continuo proceso de celebración comunitaria e festiva por veces, ou serviu, moitas outras, de acompañamento nos intres de dor, mesmo persecución, de tantas e tantas persoas, incluído o autor. Tamén foi vertido nunha linguaxe documentada e erudita por ter pasado todo el por aulas de coidada labor de docencia. Finalmente, para a nosa ventu-

ra, chegou a ser libro, o libro que hoxe temos nas mans.

Cantos coñecemos a Pepe Chao Rego de hai máis de cincuenta anos, cantos con el temos convivido e compartido «os gozos e as esperanzas, as tristuras e as angustias das xentes do noso tempo, sobre todo dos pobres e cantos sofren» temos experimentado que a Pepe Chao escribeo a vida, porque el mesmo se deixa escribir pola vida. A súa vida é unha páxina do acontecer de Deus nesa historia vivida, na sagrada historia do acontecer cotián do mundo, onde el conscientemente, reflexivamente, vai sinalando como o Bautista os signos dos tempos que amosan a presenza activa do Cristo actuante na historia. É un escritor con vida e para a vida. A Palabra fíxose carne. A súa palabra nace de tomar en serio esa encarnación de Deus na terra a na xente que nos son próximos. Desde ese próximo, porque doe e non é unha teoría, estase nas mellores condicións de sermos autenticamente universais como o é o materno Espírito, a *ruah*, que el tanto gusta de proclamar.

Xoaquín Campo Freire